

Amor en Instagram



Lucía Castro Pazos

Acaba de saltarme unha mensaxe privada en Instagram dun tal @leo_fdz.04.

@leo_fdz.04: Olaaaaa

@claudia_novoa_: Ola?

@leo_fdz.04: Aínda estou a rir co comentario que subiches á foto de @nuno_ohio

O venres saín tarde de clase por mor dun exame, perdín o autobús e tiveren que baixar camiñando á casa. Ao pasar por diante do outro instituto escoitei que alguén me chamaba. Era Leo. Púxenme ata nerviosa, era a primeira vez que o vía en persoa. Qué guapo eral!

A verdade é que Nuno subiu unha foto a contraluz, marcando músculo, en Cabo Home. E non se me ocorreu máis que poñerlle "Qué Pokemon eres desta vez?"

@claudia_novoa_: JAJAJAJAJAJAJA. E ti de que coñeces a Nuno?

@leo_fdz.04: Fomos compañeiros de piragüismo este verán, no campus que celebraron en Aldán.

@claudia_novoa_: Xa vexo que non chegachedes a olímpicos. JAJAJAJAJAJAJ.

@leo_fdz.04: JAJAJAJAJAJAJ. Vamos camiño de...

Dexeino en visto e funme a preparar porque quedara con Ángela, Rebeca e Cris. Ao chegar xunta elas conteille o de Leo. Eu non me daba conta de quen era el, pero Cris lembroume que Leo era o fillo do mariñeiro que desaparecera o inverno pasado preto das Cies. Incluso me contou que desde ese momento xa non fora o mesmo, parecía sempre un rapaz moi triste. E na casa a situación era complicada, con broncas constantes coa súa nai e os seus avós. Supoño que o feito de non saber se o teu pai está vivo ou morto non axuda a pasar o loito pola súa desaparición.

Ao chegar a casa púxenme a ver unha serie "El Internado", cando de súpeto me chegou unha notificación ao móbil. Era unha mensaxe de Leo.

@leo_fdz.04: Olaaaaa

@claudia_novoa_: Olaa

@leo_fdz.04: Que tal o teu día?

@claudia_novoa_: Ben e ti?

@leo_fdz.04: Moi ben

@leo_fdz.04: O teu comentario na publicación de Nuno tiña algún significado?

@claudia_novoa_: Si, o do pokemon é porque de pequeno gustábanlle moito.

Seguimos falando durante toda a noite, e toda a semana. Preguntoume moitas cousas, cales eran os meus gustos, que tal no instituto, en que instituto estaba, que por certo, el estudiaba no instituto do lado, e moitas cousas máis.

Leo foi directo, díxome que estaba desexando verme e preguntoume se podíamos quedar esa tarde para ir a dar unha volta. Non o pensei dúas veces. Ese venres foi moi divertido, rimos un montón, tomamos un xeado, aínda que non ía moita calor, paseamos por Cangas, e quedamos de vernos ao día seguinte.

Cando lle contei a miña fin de semana ás miñas amigas, puxéronse moi contentas. E o que comezou como unha casualidade axiña se converteu nunha relación.

Nas vacacións de Nadal as miñas amigas prepararon unha festa na casa de Cris. Iamos ir ver unhas pelis e despois quedar a durmir todas xuntas. A Leo non lle pareceu moi ben que fose, dixo que levabamos varios días sen vernos por mor dos exames. Pero tiña moitas ganas de estar coas miñas amigas, así que alá fun á casa de Cris, aínda que non estaba todo o contenta que debería. Tiña unha angustiada sensación pola reacción de Leo.

O luns era Noiteboa, e aínda non lle mercara o agasallo de Nadal a Leo. Non tiña moitos aforros, pero collín o barco, fun a Vigo, e nuns grandes almacéns merqueille uns accesorios para o seu novo teléfono.

O día de Nadal pola tarde quedei con Leo para darnos os agasallos, el estaba enfadado porque quedara coas miñas amigas en vez de quedar con el.

Eu dinlle o meu agasallo e el díxome que non comprara nada para mi porque non tivera tempo. A miña cara debía ser un poema cando abriu o meu agasallo e me dixo, entre enfadado e irónico, que os cascos que eu mercara con tanto esforzo lle parecían moi cutres, literalmente me dixo "o meu curmá de dez anos non ten uns tan cutres".

A miña reacción foi botarme a chorar, non tiña moitos cartos para o seu agasallo, e o primeiro que pensei foi que igual debín gastar menos na festa de Cris, para poder mercar algo un pouco mellor para Leo. Despois dun bo rato Leo achegouse a min para intentar consolarme. Eu pedinlle perdón e díxenlle que para Reis ía aforrar para mercarlle algo moito mellor.

Durante as vacacións quedamos bastante, mais distancieime das miñas amigas porque Leo enfadábase cada vez que quedaba con elas. Pero a última finde de Nadal volví quedar con elas unha tarde. E cando cheguei á casa Leo escribiu-me para dicirme que xa non o quería tanto coma antes, e que prefería quedar coas miñas amigas a quedar con él.

Esos comentarios afectáronme, eu estaba tolamentemente namorada de Leo pero tamén quería estar con elas. Aínda así, prefería os sermóns de Cris e o resto da panda aos enfados de Leo. Por nada do mundo quería perdelo.

De feito, cando me dician que esas actitudes non eran normais, que tiña que pensar en poñerme seria con el e non permitirlle que me falase así ou se enfadase por parvadas, en definitiva, canto máis o criticaban máis me afastaba delas. Eu seguía insistindo no marabilloso que era comigo. De verdade que naquel intre así o sentía.

As semanas pasaron e chegaron, inevitablemente, os exames e as notas da segunda avaliación. E a sorpresa foi que de dez materias, levei seis suspensas para a casa. Leo e eu estábamos todo o tempo enganchados ao móbil, con mensaxes ata altas horas da madrugada. Miña nai é enfermeira na quenda de noite e meu pai deitase cedo, así que non se daban conta.

Podedes imaxinarvos a reacción na casa. Castigada sen móbil!!! Todas as vacacións!!! Mellor era morrer que esa tortura.

Pasei os peores días da miña vida, sen saber de Leo, sen saber das miñas amigas, sen poder saber nada do que acontecía fóra das paredes da miña casa. E cando volveron as clases o primeiro que fixen foi escapar no recreo do instituto para ir ver a Leo ao seu colexio. A miña sorpresa foi de infarto, dígovos de verdade, comezou a faltarme o aire cando vin como se bicaba con outra rapaza.

Aínda así, non sei nin como, saquei forzas e achegueime a el para pedirlle explicacións polo seu comportamento. Supoño que debín falar máis alto da conta, pero Leo aínda gritaba máis, botándome a min a culpa do que acontecera. Dicia que se tivera que consolar con outra amiga despois de que eu decidise pasar del durante todas as vacacións. Non lembro moito a discusión, pero cando cheguei á casa doíame moito un brazo, e cando me fun ver no espello vin que tiña un negrón. Creo que Leo me arrastrou fóra do patio para gritarme sen que o escoitase o resto da súa clase. Chorei a mares, e debín darlle mágoa aos meus pais, porque me devolveron o teléfono. O primeiro que fixen foi escribirlle a Leo, para desculparme pola miña actitude, el aceptou as desculpas e prometeume que a fin de semana quedaríamos para vernos e falar do acontecido. Tras esta conversa cheguei incluso a pensar que o bico que me parecera ver era un invento do meu subconsciente. Ou iso, ou que Leo insistiu tanto que acabei por crelo. Quería crelo!!! Non quería perdelo por nada do mundo.

Chegou a fin de semana, e ogallá nunca tivera chegado!! Tiña tantas ganas de ver a Leo que me esforcei en ir o máis guapa posible. Non quería defraudalo. O meu outfit era unha saia a cadros e un top negro. Ata botei rimel!!! E cando nos atopamos, el non ía só, estaba con outro amigo, un dos que nós (Cris e o resto da pandi) chamabamos MDLR. E o primeiro que me dixo, ben, non a min directamente, senón ao seu colega, foi que vaia pintas levaba eu, que daba vergoña verme así. Pero non só iso, aínda tiña máis que dicir, e o seguinte foi acusarme de que a semana de vacacións na que non o quixen ver (estaba castigada polas notas, lembrede) debín de estar a papar seguido, porque ben se me notaban os quilos de máis.

Estaba tan avergoñada que nin tiven forzas para irme para casa, alí quedei a pasar a tarde con eles, aínda que pouco caso me fixeron nin o un nin o outro. Ás oito e media subín para casa e metinme na cama, a chorar de novo como unha parva. Sen cear. Sentíame gorda e fea, e moi moi triste, xa que era culpa miña o suspender, o que provocou o castigo e o que me levou a coller uns quilos de máis. Sentía que lle estaba fallando, que ao final era eu a que ía provocar que Leo se namorase doutra rapaza. Así que tomei unha drástica decisión. Desde ese día non volví inxerir ningún alimento sólido en moitas, moitas semanas. Vivía a base de líquidos.

O certo é que as miñas amigas, a esa altura do curso xa só eran compañeiras de clase, fixeron varios comentarios sobre a velocidade á que estaba a adelgazar, pero eu negaba as evidencias, e o que facía na casa, para que non se desen conta meus pais, era usar roupa moi frouxa. A relación con Leo seguía con altibaixos, moitas veces me deixaba plantada porque quería quedar cos seus amigos, outras rifábanos porque eu non me divertía con eles, pero despois sempre me pedía perdón, así que seguíamos adiante.

Cando quedaban dúas semanas para o remate do curso, en pleno estrés de exames, un día desmaieime no patio do colexio. Como non reaccionaba tiveron que chamar á ambulancia e levarme ao hospital. Estaba desidratada!! Estiven un par de días ingresada e ao volver á casa e coller o móbil, vin que tiña unha mensaxe de Leo. Deixábame por Laura, porque daba pena ver para min, así mo dixó, **PENA VER PARA MIN!!!**

Outra vez lle volvía fallar. Non conseguía facer ben as cousas para telo contento. Chameino pero non me colleu, mandeille varias mensaxes e deixábame en visto. Así que decidín ir á súa casa para poder pedirlle unha explicación, ou cando menos perdón. Pero non quixo nin abrirme a porta.

Cheguei á casa, rebusquei na caixa dos medicamentos de mamá, busquei en Google para que eran todas aquelas pastillas, e finalmente collín unha caixa azul de pequenas pílulas amarelas, e tomeima enteira.

Contáronme que tiven moita sorte porque miña nai esquecera os zocos de traballar na casa e tivo que dar a volta, atopoume tirada no chan do baño, inconsciente pero viva. Un lavado de estómago, dous días de ingreso no Álvaro Cunqueiro, e dende hai tres meses, terapia todas as semanas.

Tardei iso, tres meses, en poder contar a miña historia, e fágoo animada pola doutora, que xa é case unha amiga, porque pode haber moitas outras nenas, mozas, mulleres, que vexan na miña historia un reflexo do que están a vivir elas. Porque ninguén é máis ca outro na vida, porque debemos respectarnos, querernos e nunca soportar situacións de menosprezo, que moitas veces rematan no maltrato, físico ou psicolóxico, maltrato que nos veñen a anular como persoas e a conseguir que o perdamos todo, sobre todo o máis importante, a vida e as ganas de vivir.

É paro xa de escribir por hoxe, que Cris e o resto das miñas tolas amigas están esperándome no reloxo para baixar á praia. Está rematando o verán e temos que desfrutalo **A TOPE!!!**